



BOP

XOVES, 3 DE FEBREIRO DE 2022

N.º 027

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

- LUGO-GUNTÍN.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME LU-P-2901 "LU-232 - O BURGO", P.K 5+500 A 13+100

EXPTE GTM: 2021/CON_02/000077

- CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME, MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-1809 "CHANTADA (N-540-A) - ANTAS DE ULLA (N-640)", P.K. 3+625 A 23+800

EXPTE GTM: 2021/CON_02/000087

- NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRMA, MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-3505 "NAVIA (LU-P-722)- VILAQUINTE - DONÍS (LU-P-1401)", P.K. 0+970 A 26+654

EXPTE GTM: 2021/CON_02/000088

- A FONSAGRADA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME, MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-1906 "PEDRAFITELAS (LU-530) - VILARES - OS CANGOS (LU-P-5404)" P.K. 0+000 A 14+234

EXPTE GTM: 2021/CON_02/000089

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 28 de xaneiro de 2022. O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0181

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste concello o orzamento para o exercicio económico de 2022, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 21 de decembro de 2021, en cumprimento ó que dispón, o artigo 169.3 do texto refundido das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, en gastos á contía de 2.389.200,00 € e en ingresos á contía de 2.389.200,00 €.

Corresponde a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Gastos de persoal	945.520,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	875.480,00
3	Gastos financeiros	3.200,00
4	Transferencias correntes	82.800,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
	TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	1.907.000,00
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Inversións reais	462.200,00
7	Transferencias de capital	20.000,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	482.200,00
	TOTAL GASTOS	2.389.200,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	626.500,00
2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Taxas e outros ingresos	268.500,00
4	Transferencias correntes	1.208.200,00
5	Ingresos patrimoniais	0,00
	TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	2.133.200,00
	C) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	256.000,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	256.000,00
	TOTAL INGRESOS	2.389.200,00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA	Nº DE PRAZAS	GRUPO	CD
Secretaría - Intervención	1	A ₁	28
Administrativo	2	C ₁	22
Alguacil - Porteiro	1	E	12
Conserxe	1	E	12
B) PERSOAL LABORAL FIXO	Nº DE POSTOS		
Operario de Servizos Múltiples	1		
Traballadora Social	1		
Técnico/a Punto de Atención Infantil (vacante)	1		
Persoal de apoio Punto de Atención infantil (vacante)	1		
C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL	Nº DE POSTOS		
Axente de Emprego Local	1		
Auxiliares A Domicilio	21		
Peón limpeza viaria	1		
Auxiliar Administrativo Programa Axuda a Domicilio	1		
Auxiliar Administrativo Oficina Información xuvenil e biblioteca	1		
Brigadas de incendios	10		
Técnico/a Punto de Atención Infantil	1		
Persoal de apoio Punto de Atención infantil	1		
Peóns Depuemprego	6		

O cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que esta Entidade Local poida recibir para tal fin, procedentes da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos.

Baralla, 28 de xaneiro de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 0182

BEGONTE

Anuncio

Información pública

Habéndose aprobado por resolución da alcaldía de data vinte seis de xaneiro de dous mil vinte dous os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinteún.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinteún.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinteún.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinteún.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinteún.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 26 de xaneiro de 2022.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 0183

*Anuncio***CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

Por Resolución desta Alcaldía de data 1 de febreiro de 2022, aprobáronse as bases que rexerán a selección en réxime laboral temporal, polo prazo de seis (6) meses e unha xornada do 100 % - mediante concurso - oposición, de 1 posto de Peón Tractorista para a Brigada Municipal de Obras e Servizos.

As devanditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 1 de febreiro de 2022.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0206

GUITIRIZ*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2022**

Publicado anuncio de exposición pública da aprobación inicial do expediente do orzamento 2021 e da plantilla correspondente ao mesmo exercicio no BOP de Lugo de data 29 de decembro de 2021 e transcorrido o prazo previsto no artigo 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, presentándose unha reclamación con data 7/01/2022 e RE: 127.

Aprobado en pleno de data 27/01/2022 a desestimación da reclamación presentada e aprobado definitivamente o orzamento municipal do Concello de Guitiriz, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do orzamento así como a plantilla.

Capítulo	GASTOS		Capítulo	INGRESOS	
1	Gastos de persoal	2.501.494,42	1	Impostos directos	1.211.972,17
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.344.750,00	2	Impostos indirectos	45.000,00
3	Gastos financeiros	4.000,00	3	Taxas e outros ingresos	552.700,00
4	Transferencias correntes	77.700,00	4	Transferencias correntes	2.198.272,25
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	20.000,00	5	Ingresos patrimoniais	0,00
6	Investimentos reais	60.000,00	6	Alleamento de investimentos reais	0,00

7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	12.500,00	8	Activos financeiros	12.500,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		4.020.444,42	TOTAL		4.020.444,42

PLANTILLA CONCELLO DE GUITIRIZ. ANO 2022

I) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO					
1.1 ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Secretaría	Secretaría (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
Intervención	Intervención-Tesourería (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
1.2 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Técnico Medio Xestión Económica	Xestión	A2	22	1	0
Técnico/a de Emprego	Técnica	A1/A2	24	1	0
Administrativo/a	Administrativa	C1	18	6	3
Conserxe	Subalerno	AP s Tit	14	2	1
Auxiliar Administrativo/a	Auxiliar	C2	16	1	0
1.3 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Policía	Servizos Especiais	C1	16	2	1
Aparellador/a	Técnica	A2	24	1	0
Técnico Medio Ambiente	Técnica	A1	24	1	0
Encargado de Obras	Servizos Especiais	C2	14	1	1
				18	6

II) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL FIXO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Traballadora Social	1	0
Conserxe-condutor	1	0
Limpiadoras	4	1
Peóns Conductores	2	0
Técnica Medio Encargada PAI	1	0
Monitor Deportes- Encargado	1	0
Brigada Verde - Peón Coordinador	1	0

Brigada Verde - Peón	5	3
Auxiliar Axuda no Fogar	28	4
Peón de SSMM	4	1
Traballador/a Social SAF	2	1
Auxiliar xeriatría CD	2	2
Operario/a-cociñeiro/a CD	1	1
Técnico/a Turismo	1	1
Técnico/a Medio PAI	2	0
Terapeuta ocupacional CD	1	0
	57	14

III) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Técnico/a educación familiar	1	0

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdicción Contencioso - Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazo que establecen as normas de dita Xurisdicción.

Guitiriz, 28 de xaneiro de 2022.- A ALCALDESA, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0184

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

Por xunta de goberno local de 26 de xaneiro de 2022, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 3º trimestre 2021.

O importe total do padrón ascende a 72.535,16 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 26 de xaneiro de 2022 ó 26 de marzo de 2022, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 27 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 0185

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2022-0010, foi aprobado o PADRÓN PAI -DECEMBRO 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 18 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, D. Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0186

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2022-0011, foi aprobado o PADRÓN SAF DECEMBRO 2021, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 18 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, D. Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0187

VILALBA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 27 de xaneiro de 2021 o **modificación do cadro ("plantilla") de persoal funcionario do Concello de Vilalba (creación de posto de traballo de segunda actividade-policía local-)** conforme o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://vilalba.sedelectronica.es>].

De conformidade co acordo adoptado o expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Vilalba, 28 de febreiro de 2022.- Sra. alcaldesa dona Elba M^a Veleiro Fernández.

R. 0191

VIVEIRO*Anuncio*

Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Viveiro en data 11 de xaneiro de 2022, se adoptou acordo de suspensión, durante o exercizo 2022, da aplicación da Ordenanza fiscal número 13, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa e da aplicación da Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de actividade, apertura ou funcionamento. As referidas suspensións surtirán efecto unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia.

Viveiro, 27 de xaneiro de 2022- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0188

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO*Anuncio***Expediente número: A/27/23096**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: María Dominica Vidueiro Cabodevila

Nombre del río o corriente: Manantial "Fonte do Amieiro"

Caudal solicitado: 0,0638 l/seg.

Punto de emplazamiento: Ferreira

Término Municipal y Provincia: Riotorto (Lugo)

Destino: Complemento del abastecimiento a vivienda, excepto consumo humano, uso ganadero y riego

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Drenajes, arqueta y conducción por tubería enterrada hasta depósito

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Riotorto** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 28 de septiembre de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2847

*Anuncio***Expediente número: A/27/23124**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Javier Miranda Vidueiro

Nombre del río o corriente: Río Machín

Caudal solicitado: 166 l/minuto

Punto de emplazamiento: Riotorto

Término Municipal y Provincia: Riotorto (Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Captación directa del cauce con una cisterna.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Riotorto** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 20 de octubre de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 3076

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL,O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***Expediente: A/27/34097**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 18 de enero de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al SAT SEIXAS Nº 1241 XUGA, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,47 l/s de agua procedente un manantial situado en la parcela catastral 385 del polígono 131 en el lugar de As Seixas, parroquia de Bembibre (San Pedro), término municipal de Taboada (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 27 de enero de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0189